

## HISTORIA DE ESPAÑA. 2003, 2012

*Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: A concepción do sistema como unha monarquía constitucional; a dinámica da “quenda pacífica” entre dous partidos; a manipulación caciquil e electoral. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

### Doc.1.-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da Restauración:

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que todos os problemas que traía o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitados aos procedementos parlamentarios”.

### Doc.2.-Constitución de 1876:

“Don Alfonso XII, pola Graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art.11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art.18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art.19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

### Doc.3.-Gobernos da quenda pacífica, 1875-1902:

1875-1881	Cánovas, Martínez Campos
1881-1884	Sagasta, Posada Herrera
1884-1885	Cánovas
1885-1890	Sagasta
1890-1892	Cánovas
1892-1895	Sagasta
1895-1897	Cánovas
1897-1899	Sagasta
1899-1901	Silvela, Azcárraga
1901-1902	Sagasta

**Doc.4.-Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en Política española (antoloxía de artigos), 1884:**

“Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen, ao facer o reparto da contribución, carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo (...). Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias ”.

**Doc.5.-Valentí Almirall, republicano federal, denuncia o fraude electoral (1880):**

“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consuma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”.

<b>ORIENTACIÓNS</b>	<p>A Restauración borbónica é un período que se inicia en 1875 coa volta de Afonso XII de Borbón e o establecemento dun sistema político denominado sistema canovista, por ser Cánovas del Castillo o seu principal artífice</p> <p>Trátase dun sistema de monarquía constitucional doutrinaria, con alternancia pacífica no poder de dous partidos e cos principios recollidos na Constitución de 1876 (docs.1, 2). Pero este sistema presentaba múltiples defectos entre os que destacaban a manipulación das eleccións e o caciquismo (docs. 3, 4 y 5).</p>
---------------------	--

<b>DOCUMENTOS</b>	<b>CUESTIÓN A DESENVOLVER</b>
<b>Doc.1.-O Manifesto de Sandhurst</b>	<p>* Afonso de Borbón preséntase como a mellor opción para España: unha monarquía hereditaria e constitucional que deixe atrás as experiencias do Sexenio democrático e a falta de liberdades da súa derradeira etapa.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Papel de Cánovas del Castillo no deseño e triunfo do novo sistema:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Ideoloxía liberal conservadora</li><li>○ Defensor da monarquía constitucional</li></ul></li></ul>

	<p>doutrinaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Aglutinador dos apoios á causa dos Borbóns</li> <li>○ Papel na educación do novo monarca. Formación do príncipe na academia inglesa de Sandhurst, desde onde envía este manifesto</li> <li>○ Aceptación do pronunciamento de Martínez Campos para proclamar o novo rei</li> </ul>
<b>Doc.2.-Constitución de 1876</b>	<p>* Constitución de 1876. Constitución canovista</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Principios políticos que recolle: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Soberanía compartida: o rei comparte a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes (Art.18). Posúe o dereito de veto das leis. Exerce o poder executivo en exclusiva (Art.50) e é o xefe supremo do exército</li> <li>○ Catolicismo de estado (Art.11)</li> <li>○ Cortes bicamerais (Art.19): Congreso elixido, segundo establece a lexislación electoral, e Senado designado polo monarca e as institucións do Estado</li> </ul> </li> <li>• Constitución conservadora, flexible, ambigua, froito do acordo entre os dous grandes partidos: o Conservador de Cánovas e o Liberal de Sagata</li> <li>• Establece o sistema político chamado canovista, inspirado no sistema inglés: monarquía constitucional, bipartidismo, control do poder militar polo poder civil, catolicismo de Estado...</li> <li>• Foi a Constitución que máis tiempo estivo vixente, 47 años (1876-1923)</li> </ul>
<b>Doc.3.-Gobernos da quenda pacífica</b>	<p>* Alternancia pacífica no poder dos partidos políticos liberais – tamén chamados dinásticos, gobernamentais e da quenda-dirixidos polo liberal conservador Cánovas e o liberal progresista Sagasta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Funcionamento do sistema: cando o goberno tiña dificultades para gobernar, o rei nomeaba como presidente de goberno ao líder da oposición ao tempo que disolvía as Cortes e convocaba novas eleccións, eleccións que sempre gañaba o partido do goberno grazas á manipulación do voto</li> </ul>
<b>Doc.4.- Galdós crítica o caciquismo</b>	<p>*. O cacique era unha peza clave no triunfo electoral previamente deseñado. Estes personaxes iñan un gran poder, especialmente nas zonas rurais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sistema canovista foi criticado duramente por intelectuais e políticos que quedaron á marxe do sistema: rexeneracionistas, demócratas, republicanos,</li> </ul>

	nacionalistas e máis tarde os socialistas
<b>Doc.5.-Valentí Almirall, denuncia o fraude electoral</b>	<p>*. Xunto co caciquismo, o fraude era o sistema utilizado para conseguir os resultados desexados. Os mecanismos e modos de controlar e, se era preciso, alterar os resultados electorais, eran moi variados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aínda que se celebraban eleccións, estas era unha farsa porque o voto estaba totalmente controlado polo sistema caciquil</li> </ul>

<b>CONCLUSIÓN</b>	<p>O sistema canovista funcionou sen grandes dificultades no reinado de Afonso XII e a rexencia de M<sup>a</sup> Cristina, grazas aos acordos entre Cánovas e Sagasta e ao papel dos monarcas, que non se entrometeron nos asuntos das cuestións políticas. Pero no reinado de Afonso XIII produciuse a progresiva desarticulación do sistema, que acabou na ditadura de Primo de Rivera en 1923.</p>
-------------------	---

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN/CORRECCIÓN**

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

Como tema para desenvolver, os fundamentos políticos e o funcionamento do sistema da Restauración, tratando na redacción as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A implantación do sistema e a caracterización conservadora que plasma a Constitución de 1876.
- A dinámica da “quenda pacífica”, personificada en Cánovas e Sagasta e identificando as forzas políticas alternantes.
- O caciquismo e o falseamento electoral, instrumentos que permiten a estabilidade fraudulenta do sistema e desprestixian progresivamente o parlamentarismo.